



**V Concurso de contos
“Pasámolo de medo”.**

E MÁIS

**II Concurso de
debuxo estarrecedor
“Pasámolo de medo”.**

CEIP A SOLAINA

CURSO 2014-2015

ÍNDICE

V CONCURSO DE CONTOS “PASÁMOLO DE MEDO”

1º Premio do 2º Ciclo de EP Roi Morado Pena <i>A silueta da casa encantada</i>	3
Accésit do 2º Ciclo de EP Ainhoa Sanmiguel Pintor <i>A mansión embruxada</i>	5
1º Premio do 3º Ciclo de Educación Primaria Ana Becerra López <i>Pensamentos erróneos</i>	6
Accésit do 3º Ciclo de Educación Primaria Sara Rey Corral <i>O monstro da illa</i>	7

II CONCURSO DE DEBUXO ESTARRECEDOR “PASÁMOLO DE MEDO”

1º Premio de Educación Infantil Adrián T., Lucía S. Lucas, Marcos e Sara P. <i>A festa das bruxas</i>	10
Accésit de Educación Infantil Equipo Amarelo (Ana, Naiara Agravas, Manuel e Naiara Alba) <i>A pantasma Coco</i>	11
1º Premio do 1º Ciclo de Educación Primaria Paulo Botana López <i>Cranio de lume</i>	12
Accésit do 1º Ciclo de Educación Primaria Alejandra Naranjo Adascalitei <i>Sen título</i>	13

A SILUETA DA CASA ENCANTADA

Nun pequeno pobo, ás aforas dunha gran cidade, había unha antiga casa encantada. Todos os habitantes do pobo tiñan moito medo de achegarse á casa. Porque nela non vivía ninguén.

Co tempo a lenda da casa encantada foi aumentando. Dicían que saía fume pola cheminea os últimos tres días de cada mes algúns incluso viron unha silueta nunha das ventás do piso de enriba e que se asemellaba a unha momia, pero ninguén se achegou bastante cerca para aseguralo.

Un día, un grupo de nenos estiveron falando de cousas que daban medo. Todos dicían que non tiñan medo a nada e ríanse. Entón, un deles propuxo entrar na casa encantada e descubrir a verdade.

Todos quedaron en silencio. Falar da casa encantada era unha cousa moi grave. Despois estiveron de acordo en ir. Nunha semana serían as datas nas que se amosaba a silueta, decidiron ir daquela.

E chegou ese día. Os nenos xuntáronse diante do muro da casa encantada. Todos levaban lanternas. E armándose de valor foron buscando a maneira de entrar.

Atoparon o portalón da casa, estaba cuberto de maleza, cuns paus apartaron todo e conseguiron empuxalo para poder pasar. O camiño era difícil, pero ao fin puideron chegar á porta da casa.

Os nenos xa non se sentían tan valentes, tateaban de medo. Un deles mirou para os outros e decidiuse a abrir a porta. Produciuse un gran chío e todos pegaron un berro. E nese momento unha corrente de vento fixo que todos entrasen de golpe dentro da casa, cerrándose a porta.

Os nenos prenderon as lanternas e miraron arredor de si. Todo estaba cuberto de sabas, cheo de po e teas de araña. Alí non había nada que ver. Decidiron subir ao piso de enriba pola gran escaleira que había.

Cando chegaron enriba, foron mirar nas habitacións. A primeira estaba baleira. Noutra había xoguetes e parecían espallados como se alguén estivese xogando con eles. Outra habitación era un dormitorio, pero era dun neno e estaba moi coidado.

Os nenos comentaron que parecía que había un neno vivindo alí. Pero como era posible se a casa estaba abandonada.



Noutra estancia atoparon un montón de caixas pequenas. Con nomes escritos... Xoán, Pedro, Antía... e así moitos nomes.

Entón, entraron noutra estancia. Todos quedaron mudos... Alí había unha pantasma sentada nunha cadeira e na ventá estaba un neno que era unha momia. Que medo...!

A pantasma mirounos e de súpeto, ergueuse da cadeira e voando acercouse a eles.

–Non sodes benvidos á miña casa. Que facedes aquí?

Os nenos non sabían que dicir. Miraban para a pantasma. Entón o neno da ventá xirouse e dixo:

–Vides xogar comigo? Os outros nenos xa non queren xogar.

Os nenos miráronse entre si. As caixas pequenas da outra estancia! Eran nenos desaparecidos.

A pantasma dixo:

–Si, veñen xogar contigo. Xa tedes amigos.

E fóra da casa, a maleza volveu cubrir o camiño da casa encantada. O gran portalón volveuse pechar.

Ninguén ousaba entrar na casa encantada. Ninguén sequera se acercaba alí.

Ti faríalo???????

1º Premio: *A silueta da casa encantada.*

Autor: **Roi Morado Pena**, de 3ºB

A MANSIÓN EMBRUXADA

Eu mudeime a un pobo de Lugo. Onde me instalei todo vai xenial. O peor é a mansión do lado. Os veciños son moi raros, aínda que meus pais están encantados.

O outro día estaba xogando no xardín co meu can e escoitei uns sons:

–Ahhhh!

Viña da mansión do lado. Eu investiguei agochada detrás da árbore. Os veciños saíron ao xardín moi enfadados e eu, moi asustada, corrín dentro da miña casa. Eles correron detrás de min. Pola ventá da casa vin unha sombra dun coitelo. Eu gritei:

–Ahhhh!

A miña nai baixou escaleiras abaixo e preguntoume que me pasaba. Eu díxenllo. A miña nai non vía o coitelo. Que está cega? Dei a volta e o coitelo desaparecera e os veciños tamén. Saín ao xardín outra vez. Mareeime moito, ata que caín de cu. Semellaba que a terra xiraba. Como estaba tan mareada só vin que os veciños (raros) petaron na porta da miña casa e gritei:

–Mamaaaaa, coidado!

A miña nai díxome:

–Por que? Se queren invitarnos a cear.

Que estraño! Todo era por iso?

Accésit: A mansión embruxada.

Autora: Ainhoa Sanmiguel Pintor, de 4ºB.

PENSAMENTOS ERRÓNEOS

Ola a todos, quería contarvos unha historia de zombis e casas encantadas, pero pensei: Para que vou contar unha historia inventada cando podo contar unha real? Así que vouvos contar a historia a chamei... **pensamentos erróneos.**

Isto é a historia dunhas amigas que planificaron ir durmir á casa dunha delas. A casa da nena era enorme e tiña tres plantas. As pequenas decidiron durmir no último piso.

Ao chegar a noite, ningunha das tres amigas daban durmido porque había un pequeno son que, aínda que non era moi forte, era un son terrorífico, pero pensaron que sería o seu pai abrindo as portas.

De repente, caeu moita auga e uns poucos tronos, era unha desas tormentas de verán. O reloxo de parede soaba... tic, tac, tic, tac. As agullas do reloxo ían ao compás do arrepío que tiñan as tres. Entón as cortinas abríronse.

O son foi medrando e ao ir medrando deixaron de pensar que sería o seu pai, pensaban que era un ladrón ou algo así, pero o problema era que o estrondo acercábase máis cada vez, o son do reloxo escoitábase cada vez máis rápido, pero oíase que cada vez ía máis rápido.

As portas pecháronse de golpe, entón o son acercouse máis e máis ata que chegou ao piso onde elas estaban durmindo. As nenas acenderon as luces e escondéronse, entón dixéronlle que pasara. Abriu a porta e as nenas mortas de medo dende o seu sitio, onde se esconderon, miraron e antes de que abriera a porta comezaron a gritar e viron... O pai da nena! De súpeto, chegou a nai ao oír os berros das nenas. Entón o pai espertou!

A nai explicoulles todo. O do reloxo é porque leva tempo fallando e vólvese tolo. O das cortinas é porque deixei as ventás abertas, entón, ao vir vento ábrese o mesmo que coas portas, ao estar as ventás abertas, péchanse e o do son é porque é somnábulo e levántase pola noite. As tres nenas ao oír a explicación quedaron moito máis tranquilas e puideron durmir de noite.

1º Premio: *Pensamentos erróneos.*

Autora: **Ana Becerra López**, de 6ºA.

O MONSTRO DA ILLA

Hai moitos anos ocorreu esta historia nunha das rías galegas, non me acordo do nome, pero podería ser en calquera que tivera unha illa. Así mo dixo o vello mariñeiro que me contou esta historia.

Había unha vez unha ría e no medio da mesma, unha illa, arredor da cal estaban os mellores peixes de toda a ría, pero ninguén se atrevía a chegar, canto barco se achegaba desaparecía. Díciase que cantaban as sereas para atraer os mariñeiros e unha vez que os tiñan preto adquirían formas monstruosas, desfacían os barcos e mataban os mariñeiros.

Ese ano as cousas non ían ben, había pouca pesca no resto da ría, polo que os mariñeiros empezaban a pasar fame. Un destes, chamado Xan, que era dos máis novos e máis valentes, dixo na taberna:

–Mañá vou pescar á illa. Quen quere ser a miña tripulación?

Ninguén contestou.

–Moi ben, irei eu só. Sairei cedo, ás cinco da mañá.

Xan apurou un trago de viño e foise.

Para o outro día, cando chegou ao porto non había ninguén. Saltou ao barco e pensou:

–Irei só, pero vou ir!

Xan arrancara o motor e ía saír cando alguén lle berrou:

–Espera, eu son o teu mariñeiro.

Era un rapaz moi novo, non había de ter quince ou dezaseis anos, que lle dixo:

–Lévame, meu pai desapareceu nesa illa, quero ir alí.

–Estás seguro?

–Estou! –contestou o rapaz.

Saíron cara á illa, Xan mandoulle que tapase os oídos e que nunca mirara cara á illa, que sempre mirara para abaixo. Ao chegar, diante da illa botaron o aparello, cando o sacaron viña cheo de peixe. Xan ría e pensaba:

–Onde están as sereas! Vaia broma!



Pero de súpeto o mar púxose bravo, Xan agarrou o temón e decidiu regresar, xa tiña a bodega chea, pero o barco non respondía, era como se algo fixera que estivese nese mesmo sitio. Xan mirou e viu como un enorme tentáculo estaba rodeando o barco. Nese intre viu como o rapaz cun machete cortábao. O mar estaba furioso e cada vez máis bravo. Cando mirou ao fronte viu como estaba o monstro diante del, era enorme, era coma un polbo, pero xigantesco. As sereas nadaban preto del, eran horrorosas, nunca vira caras tan feas. O rapaz colleu un arpón, apuntoulle e cravoullo nun ollo, o monstro estaba furioso. Xan manobrava para evitar os golpes do polbo, mentres que o rapaz co machete íalle cortando os tentáculos, e cada vez que cortaba un tentáculo desaparecía unha serea. A situación complicábase porque o monstro estaba dorido e rabioso, nunha destas conseguiu atrapar o rapaz.

–Por que me cortas os tentáculos? Por que vides á miña illa? Quen credes que sodes? Vovos matar –berrou o monstro.

De súpeto, o monstro afrouxou o tentáculo e deixou caer co rapaz, algo o estaba atacando e non podía facer nada para defenderse, notaba como se miles de dentes lles estivesen mordendo.

Xan notou como o mar quedaba en calma e fretando sobre a superficie o enorme polbo e un pouco e un pouco máis lonxe nadaba e

brincaba un grupo de golfiños, acercouse ao rapaz e viu como lle sangraba a cabeza.

–Estou ben e, sabes, cando pelexaba co monstro vin ao meu pai, mirei cara a á illa e alí estaba –dixo o rapaz.

Amarraron o monstro no barco e foron cara ao porto. Cando chegaron alí todo o mundo os miraba con asombro.

–Aí tedes o monstro, facede o que queirades con el e repartide o peixe, que chega para todos.

Botoulle o brazo ao rapaz, que desde ese día foi o seu mariñeiro, mentres a xente admiraba o monstro.

Dende aquel día foron pescar todos á illa e non desapareceu ningún barco máis.

Así mo contou aquel vello mariñeiro e agora o conto eu.

Accésit: O monstro da illa.

Autora: Sara Rey Corral, de 5ºC.



Accésit: *A pantoalha Coco*.
Autores: **Equipo Amarelo (Ana, Naiara Agras, Manuel e Naiara Alba)**, de
3 anos A.



1º Premio: *Cranio de lume.*
Autor: **Paulo Botana López** de 2ºA.



Accésit: Sen título.
Autora: **Alejandra Naranjo Adascalitei** de 2ºB.

EDITA
GEIP A SOLAINA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
EQUIPO DE BIBLIOTECA